

A ILUSTRACIÓN

1. Concepto



A Ilustración será un movemento intelectual, racionalista e anticlerical que busca o desenvolvemento da humanidade a través do uso da RAZÓN, en contra da influencia da Igrexa.

O seu nome vén de *illustrare* que significa dar luz, e dicir, os ilustrados pretendían prender a LUZ da RAZÓN.

O seu antecedente directo é o Renacemento dos séculos XV e XVI, movemento no cal o home comezou a buscar explicacións racionais acerca do mundo. Desde o Renacemento homes como Leonardo Da Vinci ou Galileo Galilei postulan o uso da observación e a experimentación para alcanzar explicacións.

O movemento ilustrado busca romper coa visión dogmática da Igrexa, imperante desde a Idade Media, e en cambio apela a facer o esforzo de utilizar a RAZÓN e con ela dúbida, criticar e reflexionar sobre o mundo.

A RAZÓN, segundo os ilustrados, é a característica que distingue á humanidade. A RAZÓN é a chave para abrir as portas do destino, producir avances e alcanzar o progreso.


O grupo dos ilustrados estivo composto por burgueses que nas súas OBRAS expresaban a súa oposición ao Antigo Réxime, principalmente aos privilexios da nobreza e o clero, a monarquía absoluta e o mercantilismo. Nestas obras atopamos o xurdimento da idea de INDIVIDUO que, como tal, posúe unha serie de dereitos propios da súa natureza e que nunca se separan del. Así mesmo considérase que este individuo é fundador da sociedade.

2. CARACTERÍSTICAS

a) O racionalismo

Sen dúbida, o vocábulo máis utilizado no século XVIII en literatura, filosofía e ciencia, é o de “racional”. Os intelectuais deste século deron á súa época o nome de “século das luces”, referíndose ás luces da lóxica, da intelixencia, que debía iluminalo todo.

Dáse enorme importancia á razón: o ser humano pode comprendelo todo a través da súa intelixencia; só é real o que pode ser entendido pola razón. Aquilo que non sexa racional debe ser rexeitado como falso e inútil.



Este racionalismo levou á loita contra as supersticións, por iso neste século termina a denominada “caza e queima de bruxas”.

No campo da relixión, a postura racionalista fixo que aparecese o *deísmo*. A maior parte dos ilustrados son deístas: existe un Deus creador e xusto, pero ao seren incapaces seres humanos de entrar en contacto coa divindade, apenas saben nada dela.

De acordo con isto, os deístas rexeitan as relixións reveladas, pero ao mesmo tempo practican a tolerancia relixiosa, pois se todas as relixións valen o mesmo, todas deben ser permitidas.

b) Procura da felicidade

Considérase que a Natureza creou a humanidade para que sexa feliz. Pero de acordo coa mentalidade burguesa, esta felicidade para que sexa auténtica debe basearse na propiedade privada, a liberdade e a igualdade.

Cando os ilustrados citan a igualdade, non se refiren á igualdade económica, senón á política e legal: igualdade ante a lei.



c) Crenza na bondade natural do home

Os filósofos da época pensan que o home é bo por natureza.

d) O optimismo.


O home do século XVIII pensa que a natureza é unha especie de máquina perfecta que o fai todo ben; hai motivos, xa que logo, para sentirse optimista. Doutra banda, considérase que a historia supón a evolución progresiva da humanidade, é dicir, que o home

co transcurso dos séculos vaise perfeccionando continuamente; así chegará o momento en que se logrará construír a sociedade perfecta, unha especie de paraíso na terra.

e) O laicismo.

A Ilustración é a primeira cultura laica da historia de Europa; cultura á marxe do cristianismo, e nalgúns aspectos anticristiá. Isto ten a súa explicación en certo rexeitamento por parte dela Igrexa, da forma de vida burguesa.

A burguesía constitúe unha clase que, desde a súa aparición, vive do comercio, do préstamo con interese e do lucro. Aínda no século XVIII atopámonos con teólogos que consideraban usura o préstamo con interese; con moralistas que seguían falando de ganancias ilícitas e con sacerdotes que predicaban que resultaba máis fácil a salvación para un individuo dedicado ao lecer, que para un comerciante.



As virtudes cristiás son transformadas en virtudes laicas; os ilustrados nunca falan de caridade (amor ao próximo por amor a Deus), senón que empregan a palabra filantropía (amor as persoas só polo feito de selo). O carácter non relixioso da Ilustración nótase tamén nas lecturas da época. No século XVII os libros que máis se editaban eran as vidas de santos e as obras de piedade; en cambio no século XVIII as obras máis editadas son de filosofía, ciencias naturais e apenas de libros relixiosos.

f) Fe constante no poder da razón humana.

Durante a Ilustración chegou a pensarse que cun uso xuízoso da razón sería posible un progreso ilimitado.

g) O coñecemento.

Pensábase que o coñecemento non é innato ao ser humano, senón que procede soamente da experiencia e a observación da realidade.



h) A educación.

A través dunha educación apropiada, a humanidade podía ser modificada, cambiada a súa natureza para mellorar.

i) Procura da felicidade.

Crían que as aspiracións humanas non debían centrarse na outra vida, senón máis ben nos medios para mellorar as condicións da vida terreal. A felicidade humana, xa que logo, foi anteposta á salvación relixiosa.

l) Criticismo.

Xurdiu un desexo e reexaminar e cuestionar os valores recibidos do pasado.

3. A ENCICLOPEDIA

A obra máis importante da Ilustración será a Enciclopedia, pois o seu obxectivo era concentrar e difundir todo o coñecemento alcanzado pola humanidade desde o principio dos tempos ata a súa época. Por que? Os ilustrados buscan estender o coñecemento e con iso lograr romper as limitacións do **Estado Absolutista**.

A ilustración é un movemento que chama á revolución, promoven a esixencia dos dereitos por parte da poboación, promoven a loita contra o absolutismo e propoñen que no caso de que o monarca non respecte á sociedade que se destrúa.



O pensamento ilustrado responde á ideoloxía e necesidades da puxante burguesía que logrou concentrar un gran capital a partir do comercio (*Mercantilismo*) e da actividade industrial (*Capitalismo industrial- Primeira Revolución industrial*), e que agora esixe liberdade política e económica.



A culpa de case todo o que pasou nos últimos douscentos cincuenta anos tena un libro. Ou non exactamente dun libro, pois acabou constando de 28 volumes e 18.000 páxinas de texto, foi escrito por máis de 130 autores e publicouse ao longo de máis de 20 anos, entre 1751 e 1772. Trátase de 'A Enciclopedia', subtitulada 'Dicionario das ciencias, as artes e os oficios', cuxos responsables principais foron Denis Diderot e Jean le Rond d'Alembert. Ademais de ser a obra que cambiou para sempre a maneira de pensar sobre case calquera cousa -dos sentimentos á economía, da relixión á botánica-, converteuse nunha das maiores catástrofes da historia da edición.

Este mastodonte empezou sendo o proxecto para traducir unha enciclopedia inglesa en dous volumes. Os seus promotores conseguiron reunir diñeiro de futuros clientes e o traballo púxose en marcha, pero os problemas apareceron enseguida: o editor acusou o tradutor contratado de non saber francés, o seu substituto foi despedido por vago, e finalmente quedaron ao mando da obra os mozos Diderot -que estaría á fronte dela ata a súa conclusión- e d'Alembert -que a abandonou en 1758-. Eles mesmos escribiron moitas das entradas -chegaron a ser 72.000-, pero tamén encargaron e logo editaron as dalgúns dos máis afamados intelectuais da época, como Voltaire, Rousseau e Montesquieu, ademais dos doutros pensadores descoñecidos, varios dos cales traballaron a un ritmo inhumano.



Denis Diderot – Jean le Rond D'Alembert

Na súa época, o propósito de 'A Enciclopedia' foi pouco menos que conter todo o coñecemento existente nese momento. Pero ademais, pretendía ser unha 'machine de guerre', como lla chamou: a obra que permitise ás ideas ilustradas expandirse e penetrar en todos os recunchos posibles da Francia monárquica (aínda que entón non chegou a ter moitos lectores). Eran pensadores “sosegados e eruditos, que nunca se propuxeron derrocar a monarquía nin expropiar aos ricos. Todos eles pertencían (...) á burguesía e ás clases populares, aínda que había algún membro da baixa nobreza infiltrado entre eles (...). Os enciclopedistas non se propoñen derrocar a orde vixente (...) senón refundarlo todo baseándoo en principios racionais”. A tradición e a rixidez relixiosa debían dar paso á ciencia, o estudo e o acceso dos mellores aos altos cargos do Estado.

“Esta obra -escribiu Diderot- producirá seguramente co tempo unha revolución nos espíritos e espero que os tiranos, os opresores, os fanáticos e os intolerantes non gañarán. Serviríamos á humanidade.”

Quizá Diderot deixáse levar polo entusiasmo, pero o certo é que ao final a revolución produciuse e a Enciclopedia sen dúbida fixo un gran servizo á humanidade. (Aínda que non, por suposto, a quen participou nela: Diderot acabou no cárcere, Voltaire exiliado, Rousseau marxinado, D`Holbach sen poder publicar as súas ideas coa súa firma a risco de perdelo todo; con algunhas excepcións, a Igrexa católica e o Estado puxeron todas as trabas que lles foi posible ao proxecto e perseguiron aos seus autores, que ademais acabaron pelexados entre si.

Os enciclopedistas eran irónicos e juguetones, en parte para sortear a censura, escritores finos e dunha cultura... enciclopédica. Na entrada *Economía política* lese:


“A lei é unha voz celestial que lle dita a cada cidadán os preceptos da razón pública e ensínalle a actuar de acordo cunhas máximas que ben podería subscribir o seu propio xuízo e que nos empuxan a obedecer sen entrar en contradición cos nosos anhelos de liberdade”

Na entrada *Paixóns*:

“Que triste é o retrato dun home reducido ás súas paixóns! Rodeado como está de trampas, zarandeado por tantos ventos contrarios á dirección correcta, como vai chegar a porto? E, con todo, a solución aos seus problemas sería sinxela se quixese adoptala: moderar as paixóns, deixarse guiar pola luz da razón, ser constante, ser prudente.”

4. ILUSTRADOS, LIBERAIS E PRIMEIROS GALEGUISTAS

Durante o século das luces xurdiu en Galicia un grupo de persoas que destacaron nos diferentes eidos intelectuais e culturais, deixando unha fonda pegada na nosa historia. Na defensa da nosa lingua hai que falar do Padre Feijoo de e Frei Martín Sarmiento. Na ciencia e industria destacan nomes como o Marqués de Sargadelos, José Cornide ou Domingo Fontán.




Gravado da Fábrica de Sargadelos. S. XVIII

A ILUSTRACIÓN GALEGA

A Ilustración foi espallándose desde Francia aos diversos territorios de Europa. Filósofos, economistas, políticos, homes de letras e artistas deixáranse seducir por un movemento que pretende encher de luz á humanidade usando a arma máis poderosa da que goza: o seu cerebro e a súa capacidade de razoar. A Razón será a fonte que ilumine ao ser humano, a ferramenta que lle faga acadar a Verdade.

Pero a Ilustración tivo os seus inimigos. Hai que loitar contra os costumes establecidos, contra a ignorancia e a superstición. Para iso ten que poñerse todo en cuestión, adoptar novos métodos científicos e, sobre todo, aplicar unha nova forma ‘positivista’ de ver o mundo (o positivismo é un pensamento científico que afirma que o coñecemento auténtico é o coñecemento científico e que tal coñecemento soamente pode xurdir da afirmación das hipóteses a través do método científico). Subir chanzo a chanzo o camiño do coñecemento. O ser humano pode mellorar este mundo, non se ten que conformar cunha vida mellor no máis alá.



Estas ideas irán callando paseniño nalgúns círculos intelectuais en Galicia. Non será o pensamento dominante, aínda moi dominado neste século por espírito do Concilio de Trento e da contrarreforma, máis tivo forza dabondo para deixarnos unha serie de figuras que foron os precursores, en certo sentido, do desenvolvemento cultural da Galicia do XIX. O pensamento científico positivista tamén guiou a un grupo de pioneiros que acadaron un notable papel intelectual neste século das luces. Imos coñecer algunhas destas senlleiras figuras.

1. FREI MARTÍN SARMIENTO

“... o deleite inefable que produce
tocar a verdade coa punta dos dedos”.



Pedro José García Balboa, que pasaría a historia como Frei Martín Sarmiento, nace en Vilafranca do Bierzo, no ano 1695. Aos poucos meses a súa familia trasládase a Pontevedra, onde pasará a súa nenez. Aos 15 anos marcha a Madrid e ingresa no mosteiro Bieito de San Martín como novicio. Na capital completa unha ampla formación en artes, teoloxía e filosofía. Neste mosteiro muda o seu nome, a partir dese intre será Martín na honra do patrón do mosteiro onde ingresara, e Sarmiento, na memoria da súa nai, da que recolle os eu segundo apelido. Sarmiento coñeceu diversos mosteiros beneditinos en Madrid, Salamanca, León e Asturias. En Oviedo coincide con Feijoo, traba amizade con el e tamén compartirá unha serie de preocupacións, como a situación da lingua da súa terra natal. Eles dous, coñecedores da historia de

Galicia, valoraban a antigüidade e riqueza da nosa lingua. En 1727 remata o seu periplo e regresa definitivamente a Madrid ata a súa morte. Neses anos realiza dúas viaxes longas a Galicia, o que lle permite entrar en contacto coa súa terra.

Unha das características fundamentais do movemento ilustrado é o seu afán de universalidade. Este é un dos principios que guían aos enciclopedistas, auténticos impulsores do movemento ilustrado desde Francia cara a Europa. En Sarmiento podemos albiscar este espírito, pois foron moitos os temas que afrontou ao longo da súa dilatada carreira. Unha das tarefas que lle ocupou máis tempo foi a correspondencia que mantivo coa coroa, a nobreza e o clero sobre diversas cuestións filosóficas e científicas que lle realizaban desde estas institucións, coñecedores da súa fonda formación intelectual.

Sarmiento foi un amante do medio natural, ao que consideraba a máis fermosa creación de Deus. Que a natureza fose unha creación divina non limitaba a posibilidade de que o ser humano puidese ter un coñecemento científico dela, e por iso lanzouse a investigación e a escritura de varios tratados de botánica e do mundo animal. (*Pensamentos críticos-Botánicos; Sobre el lobo cerval...*)



O freire pontevedrés tamén se preocupou de aspectos prácticos que tiñan que ver cos camiños, arquitecturas e incluso de estética artística e arquitectónica. Así deixounos títulos tan curiosos como *Sobre los caminos reales en toda España* e *Sistema de adornos de escultura, interiores y exteriores para el Nuevo Real palacio de Madrid*.



Unha das súas máis fondas preocupacións foi a educación. Neste aspecto amosouse teimudo en contra do atraso das institucións da súa época. O seu pensamento sempre foi construtivo, polo que ofreceu solucións ilustradas para mudar a realidade formativa do país, como fai en *Educación para la juventud*. Nunca pon en cuestión a importancia da fe e da relixión, pero respecto das demais disciplinas, estas deben ser razoadas e contrastadas de xeito experimental, amosándose seguidor das correntes empirista e positivista.

«O caso é que son tantos os terrores, fábulas e parvadas que os pais ensinan aos seus fillos, que os fan timoratos; e échenlles para nada a fantasía de pánicos e a memoria de fábulas e contos, o entendemento de necidades contraditorias e a vontade de antollos e mecos. A isto concorre o cariño excesivo e ó outro a demasiada ignorancia. Débense evitar na educación dos nenos os dous atrancos do esaxerado rigor e da indulxencia desmedida. E no caso de desviarse, sexa cara ao agarimo e o afago, pois á derradeira non son da caste de burricos, que son bos a paos»

Sarmiento foi un dos senlleiros defensores da lingua galega, que segundo el tiña que ter os mesmos dereitos de uso que o castelán. Ademais foi un dos pioneiros do estudo do galego. Ao longo da súa vida fixo diferentes traballos de carácter filolóxico, como o

seu *Conjeturas para establecer algunas etimologías de diferentes voces que se usan en España* e *Discurso apologético por el arte de rastrear las más oportunas etimologías de las voces vulgares*. As súas obras senlleiras no estudo e na defensa do galego son as seguintes: *Sobre el origen de la lengua gallega*; *Onomástico etimológico de la lengua gallega* e o *Coloquio de 24 gallegos rústicos*.


«Non tendo, pois, precedido nin concilio, nin cortes, nin consentimento uniforme dos galegos para actuar, outorgar, comerciar en lingua castelá, ¿quen o introduciu? A resposta está patente, que Galicia chora e chorará sempre. Non os galegos, mais os non galegos, que a principios do século XVI anegaron o Reino de Galicia non para cultivar as súas terras, mais para facerse carne e sangue dos mellores e para cargar cos máis pingües empregos, así eclesiásticos como civís: eses foron os que por non saberen a lingua galega, nin por palabra nin por escrito, introduciron a monstruosidade de escribir en castelán para os que non saben senón o galego puro. Esta monstruosidade é máis visible nos empregos eclesiásticos. Non sei como toleran os bispos que cregos que non son galegos nin saben a lingua teñan emprego ad curam animarum, e sobre todo a administración do santísimo sacramento da penitencia. Que é o coloquio dun penitente rústico e galego e un confesor non galego senón un entremés entre xordos?»

Facendo crítica da ignorancia do clero alleo á Galicia da nosa lingua, Sarmiento recolle unha simpática anécdota na que os pecadores confesaban relacións sexuais ilexítimas e os cregos entendían que o que facían aqueles campesiños era traballar moito:

«O verbo trebellar en galego, de tripudiare, sempre significa in malam partem e dista cen leguas do honesto verbo traballar. Confesor castelán houbo que ata despois de moitos anos estivo no erro de que o mesmo era o verbo *trebellar* galego que o *trabajar* castelán, e aos penitentes que confesaban que trebellaran tantas veces, dicíalles que en días festivos só podían trebellar unha hora, pero que nos días soltos podían trebellar ad laudes et per horas.»

A súa obra máis importante respecto á nosa lingua foi o *Coloquio de 24 gallegos rústicos*. Foi escrita por Sarmiento a finais do ano 1746, despois dunha das dúas grandes viaxes de Madrid a Galicia. Trátase dun compendio de voces e de termos do galego da época, dos que ofrece ao lector os seus significados e moitas veces a súa orixe etimolóxica. Estamos diante dun documento fundamental para coñecer a lingua popular de gran parte dos galegos do antigo réxime, unha auténtica luz ilustrada nas tebras da lingua galega durante os séculos escuros. No rexurdimento, un século máis tarde, coñeceuse e valorouse esta obra fundamental. En palabras do profesor Henrique Monteagudo:

Trátase dun escrito de valor excepcional, pois constitúe ó mesmo tempo un dos primeiros ensaios de restauración do cultivo escrito do idioma galego despois da decadencia tardo-medieval, e unha achega fundacional á lingüística galega. Isto outórgalle unha significación absolutamente emblemática na historia do idioma galego.



O orixinal autógrafo consérvase na Biblioteca Nacional, considerándose unha das xoias da nosa literatura. Velaquí un breve exemplo das moitas entradas recollidas por Sarmiento, velaquí a súa escolma de insultos en galego:

1. Almallo 2. Arroaz 3. Adramán 4. Alarbe 5. Arrocheyro 6. Aforra gaytas....

Ademais dedicou outras dúas obras a Galicia, a partir das súas viaxes. Nela fai unha descrición de carácter etnolóxico sobre a Galicia de mediados do XVIII. En todas as obras que lle dedica, podemos albiscar un profundo amor pola súa terra, e un pensamento moi avanzado respecto aos dereitos históricos de Galicia e ao valor da súa cultura popular, asentando os alicerces sobre os que actuarían os grandes estudosos do rexurdimento do século XIX.

«Este grande amor pola súa Terra marcou o seu traballo científico e investigador. Busca unha auténtica “significación lingüística”. É un home fondamente preocupado pola comunicación dos homes, polo desenvolvemento intelectual do neno a través da palabra. Comprende e denuncia o conflito lingüístico, tomando partida decididamente pola lingua popular, pola lingua galega, e aporta valiosísimos traballos neste eido. (...) O seu empeño é coñecer e dignificar a Lingua Galega e, a través dela, Galiza e as súas maltratadas xentes».

2. JOSÉ CORNIDE SAAVEDRA



Continuamos esta ollada polo máis senlleiro da nosa ilustración falando dun intelectual de primeiro orde como foi Cornide. O feito de que practicamente todos os intelectuais e ilustrados teñan unha orixe social nobre ou fidalga explícase desde a óptica de que só desde unha posición económica desafogada podían dedicar a súa vida ao desenvolvemento científico e intelectual. Estes

homes van procurar o benestar e a mellora das condicións de vida das clases populares a través da educación e das melloras científicas, porén, na maioría dos casos, non van cuestionar a orde social vixente. Cómpre lembrar nesta altura a máxima que rexía na ilustración francesa promovida desde a coroa:

“todo para o pobo, pero sen o pobo”

O pensamento liberal chegaría con posterioridade, como consecuencia desta liberdade de pensamento e das contradicións internas dun Antigo Réxime que pronto entraría en crise.





José Andrés Cornide Saavedra e Folgueira naceu na Coruña en 1734, nunha familia nobre da cidade. Desde moi novo foi completando unha ampla formación en diferentes eidos intelectuais, como era habitual neste século das luces: foi poeta, erudito, investigou en aspectos como a xeografía, a arquitectura, a economía, as ciencias naturais, etc. Estudou humanidades na Universidade de Santiago de Compostela. Foi rexedor da cidade da Coruña e de Santiago. Foi deputado nas Xuntas do Reino de Galicia e capitán da Compañía de Milicias na Coruña. En 1765 fundou a Real Academia de Agricultura de Galicia. Ao longo da súa vida escribiu multitude de

traballos sobre a xeografía, a economía e a historia de Galicia, ademais doutras obras e tratados. Viviu tamén en Madrid. Na capital ingresou na Real Academia da Historia, feito que o recoñecía como un dos principais ilustrados e eruditos da súa época.

Na súa faceta de político, como rexedor do Concello da Coruña, tocoulle vivir unha época unha de reformas na organización das cidades da coroa, como foi a creación da *Milicia Urbana*. Cornide foi capitán deste grupo encargado de defender a cidade de posibles ataques. Ademais foi nomeado vogal e tesoureiro do *Hospicio Municipal*, institución encargada da beneficencia na cidade. Naquela altura tentou pór en marcha unha das ideas ilustradas, que era facer dos hospicios non só un centro de caridade senón tamén como lugares de posta en valor da forza de traballo daqueles infelices que ingresaban no hospicio. Tamén foi rexedor perpetuo do Concello de Santiago e *Deputado da Xunta do Reino*, naquelas asembleas que se realizaban entre os rexedores das sete capitais de provincia galegas cada sete anos. A principal queixa que elevaron ao Rei Carlos III foi a forte tributación á que era sometido o reino.




Nunha época na que os ilustrados se abrían camiño na corte, ao carón de Carlos III, Cornide fixo carreira na capital. Foi Deputado da Xunta Nacional de Camiños. Nesta altura realiza o seu *Informe sobre los caminos de Galicia*, na que denuncia a pésima condición dos vieiros do noso reino. En 1761 comézase a construír o camiño real de Galicia, que pasaría desde Benavente ata a Coruña. Na correspondencia de Cornide podemos albiscar a súa preocupación polos detalles da construción do mesmo.



Labrego de Monforte. S. XVIII

A través da *Real Academia de Agricultura de Galicia*, que el mesmo funda no ano 1765, Cornide e os outros membros tentaron introducir melloras nas prácticas agrícolas dos labregos galegos, nesa altura moi precarias. Tamén reocupáronse pola formación do campesiñado, pola situación dos montes e pola investigación na introdución de novos cultivos. Estudan a utilidade de novos muíños e teares. A Academia tería unha vida de case dez anos.

O mundo do mar tamén ocupou o tempo dun José Cornide que mediou no conflito entre os pescadores galegos e os fomentadores vidos de Cataluña. Estes introduciron algunhas novidades técnicas que prexudicaron aos rudimentarios pescadores galegos, como a rede chamada xávega e as técnicas de salgado. Ademais foran beneficiados pola coroa ao poder eludir a *Matrícula do mar*, que obrigaba aos mariñeiro a prestar os seus servizos á Mariña real. No ano 1779 publica a *Memoria sobre la pesca de la sardina en las costas de Galicia*, na que defende as novidades técnicas pero tamén os pescadores galegos, aportando solucións para mellorar a súa condicións.



A cidade da Coruña deberá estarlle sempre agradecida a Cornide, cando colabora na creación do *Real Consulado Marítimo e Terrestre de Galicia*, no ano 1785. Os cometidos deste organismo eran moi variados, tratando temas relacionados coa economía, a educación e, sobre todo, cos portos. Este organismo tutelou unha serie de melloras portuarias da Coruña. Froito das súas iniciativas construíuse un novo peirao, reparáronse as aduanas e, por riba de todo, iniciouse a reforma da torre de Hércules.



Torre de Hércules. Gravado do s. XVIII

Destacamos o seu importantísimo estudo sobre a Torre de Hércules, que chegou a publicar co título de *Investigaciones sobre la fundación y fábrica de la llamada Torre de Hércules situada a la entrada del puerto de La Coruña*. Trátase dun estudo científico e rigoroso sobre a historia do milenario faro, e sobre o proxecto da súa reforma por parte do arquitecto italiano Eustaquio Giannini, que el mesmo promovera desde o Consulado. Nas primeiras páxinas de dito estudio, don José Cornide explicábanos o seu propósito:

«No habrá acaso en España monumento de la antigüedad, que al mismo tiempo que ha dado extenso campo a las fábulas, interese más a la curiosidad del público: una Torre fabricada por Hércules, Hispalo o Brigo; reparada por César; adornada con un maravilloso espejo que descubría las naves enemigas, a más de cien leguas de distancia; erigida, según unos, en obsequio de una imaginaria beldad, y según otros, para conservar la memoria de la derrota de tres poderosos reyes, y para servir de panteón a sus cenizas, son sin duda circunstancias tan extraordinarias, que acaso no se hallarán reunidas en alguno de los más suntuosos edificios que admiraron los antiguos, y que la fama nos ha conservado la noticia, y a lo menos sobre la mayor parte de ellos tiene nuestra torrela ventaja de haberse conservado casi tan íntegra, como ha salido de las manos de los que la fabricaron; pero el averiguar quiénes han sido estos, quién el Arquitecto; y por disposición de quién se hubiese puesto en obra; ésta es la dificultad, y este, como llevo dicho, es el objeto que me he propuesto tratar»

Cornide tamén fixo un estudio sobre a lingua galega, recollendo un bo feixe de entradas na nosa lingua no seu Catálogo de palabras galegas. Nos últimos anos da súa vida retirouse do ámbito público e desenvolveu unha grande paixón pola historia, formando parte da Academia da Historia durante os seus anos en Madrid. Desta época é o seu tratado sobre as míticas *Illas Casitérides* que descubriran os romanos na súa chegada a Galicia.

«Con el nombre de Casitérides fueron conocidas de los antiguos geógrafos ciertas islas, de las cuales era la voz común se había llevado el primer estaño de la Grecia: colócanlas todos generalmente en el Océano Occidental: pero los más no convienen en su precisa situación, llegando a ser su existencia no menos problemáticas que la de las famosa isla de San Borondón, que tanto ejercitó las plumas de los modernos, hasta que el erudito Historiador de las Canarias la hizo desaparecer de la escena, poniendo en modo fin a la disputa. Muéveme a la presente el ver el empeño con que los escritores extranjeros han sostenido la opinión generalmente recibida entre los ingleses, de que estas islas no son otras que las Sorlingas vecinas a su costa, y la indiferencia con que muchos de nuestros Españoles han mirado esta pretensión, sin tomarse el trabajo de combinar lo que dicen los autores antiguos con la disposición de nuestra costa y cualidades del terreno de Galicia, a cuyos mares me he propuesto restituirlas»


3. DIEGO ANTONIO CERNADAS Y CASTRO, O CURA DE FRUÍME



Foi un cura, un sacerdote diferente, de perfil impensable nun contexto eclesiástico como o que vive hoxe a Igrexa católica. Natural de Santiago de Compostela, onde naceu en marzo de 1702, este visionario decidiu dar un xiro de 180 graos á súa vida abandonando a capital pouco antes de cumprir os 27. A día de hoxe aínda se descoñecen os motivos, pero o certo é que o lugar ao que chegou era pouco máis que un compendio de rudas casas mal dispostas sobre un terreo árido e tremendamente pobre. O que hoxe é o concello de Lousame pouco ou nada ten que ver co que o cura se atopou. Como párroco do curato de Fruíme, ensinou aos seus preto de 400 habitantes a ler e a pensar e mesmo dotou ao pobo do cultivo do millo. Fixo, en definitiva, que os máis de 20 quilómetros que os separaban de Santiago se convertesen nunha nada facilmente sorteable. E iso sen ter en conta un legado artístico que acabou por influenciar non só á súa parroquia, senón a toda a comunidade galega. Ademais, tivo a valentía e a visión de facelo na lingua da terra, nun momento no que o seu uso nos ámbitos máis elitistas era practicamente anecdótico. Como párroco do curato de Fruíme, Cernadas ensinou aos seus veciños para ler e escribir coas obras de teatro e novelas que creaba. Desas longas conversacións cos veciños naceron moitas das súas obras. Creaba historias, teatro e poesía. Con todas elas enriquecía a vida dos



que lle acompañaban, a través dunhas palabras que, a pesar da súa grandilocuencia na forma, pesaban realmente en contido. En certo xeito converteuse nun dos primeiros xornalistas galegos que se coñecen; pero fíxoo dando a man á literatura, algo que non volveu a pasar —polo menos non con esas dimensións— desde que Edward Abbey e Truman Capote irrrompesen, respectivamente, coas súas correntes contraculturais e de New Journalism nos Estados Unidos da década dos 60. Unha mostra máis de que Diego de Fruíme, como tamén acabaron coñecéndoo, foi un gran pioneiro encargado de ir abrindo portas ao mundo. Foi así, denunciando as inxustizas que pesaban sobre unha sociedade xa por aquel entón diferenciada, como nacería a lenda do cura de Fruíme. Considerado por moitos como predecesor e baluarte imprescindible do galeguismo que afloraría anos despois, Diego Antonio Cernadas de Castro non deixou nunca a parroquia que, aínda que non lle viu nacer fisicamente, se o fixo no plano espiritual. Alí morreu unha tarde de marzo de 1777, deixando nun pobo triste e desconsolado un recordo que permaneceu inalterable ata hoxe.



4. JUAN SOBREIRA Y SALGADO. O PADRE SOBREIRA

Fillo de Francisco Sobreira e Bernarda Salgado, ingresou na orde beneditina no convento de Santa María de Sopetrán (Guadalajara) o 17 de novembro de 1761 e profesou o 21 de novembro do ano seguinte. Estudou filosofía no mosteiro de San Estevo de Ribas de Sil (1763-66) e teoloxía no convento de San Vicente en Salamanca (1766-69). Pasant no convento de San Pedro de Eslonza (León), durante catro anos, en 1773 foi nomeado presbítero no convento de Santa María de Montserrat (Madrid), onde predicou durante outros catro anos, para pasar logo ós conventos de San Martín (1777-81), de Sahagún (como predicador maior, 1781-85) e de San Zoil de Carrión (1785-89), en Palencia (Zaragoza Pascual, 1993:238). Durante todo este tempo estivo afastado de Galicia, onde só regresou en 1784, por unha breve tempada, antes de mudarse ao convento de Palencia. Parece que en 1785 estivo no convento de San Martín, onde ordenou os papeis de frei Martín Sarmiento, falecido en 1772. En 1786 foi nomeado membro correspondente da Real Academia da Historia.




En 1789 volveu a Galicia, esta vez por nove anos seguidos, primeiro ao convento de San Martín de Santiago (ata 1793) e inmediatamente despois, durante catro anos, ao de Ribas de Sil, pasando os veráns coa familia na súa vila natal. En 1798 foi trasladado de novo, en contra da súa vontade, a Sopetrán (Guadalajara), onde falecerá. Tivo como

protectores ao ilustrado coruñés José Cornide Saavedra (1734-1802) e, sobre todo, a Casimiro Gómez Ortega (1740-1818), catedrático do Jardín Botánico de Madrid e médico de Cámara, cos que mantivo intercambio epistolar. En numerosas ocasións, Sobreira expresoulles os obstáculos que se lle impoñían para realizar o seu traballo, prexudicado por intrigas (“imperioso rumor interesado en mi descrédito”) que terminaron por mantelo lonxe das terras galegas.

As súas contribucións á lingua e cultura galegas

O labor de Sobreira mantívose intimamente ligado a Galicia e a lingua galega. Dedicouse a traballos de erudición, visitou os principais arquivos e sacou copia dos manuscritos máis interesantes, que pasaron logo á *Real Academia da Historia*. Ademais, nas súas tempadas en Galicia percorreu parte da rexión e tomou notas da xeografía, das plantas, dos monumentos, da historia... e prestou unha particular atención aos aspectos lingüísticos do galego. Aínda que nunca publicou os seus estudos, deixou unha serie de manuscritos que posteriormente pasaron á *Real Academia da Historia*, e constitúen a súa obra coñecida; esta caracterízase polo seu estado de borrador ou de apuntamentos e polo seu carácter fragmentario. Os textos máis perfilados son un dicionario histórico e filolóxico do galego (“Idea de un diccionario”), no que despois se apoiou o franciscano P. Rodríguez para o seu *Vocabulario gallego*, e o *Prospecto o Índice de la Nomenclatura Botánico Gallega*, máis coñecido como *Ensayo para la Historia General Botánica de Galicia*, texto independente pero entresacado do dicionario anterior. O orixinal do “Ensayo” atópase na biblioteca da Real Academia da Historia. Na biblioteca da Real Academia de Historia atópanse quince volumes cos seus documentos e moita da súa correspondencia.



Xardín botánico de Padrón

O “Ensayo para la Historia General Botánica de Galicia”, vai precedido dunha carta de cinco follas dirixida ao botánico Casimiro Gómez Ortega, datada en Ribas de Sil o 24 de abril de 1794. O traballo comeza cunha enumeración dos nomes populares das plantas máis comúns de Galicia, aos que acompañan notas descritivas e usos ou propiedades medicinais. A lista, ordenada alfabeticamente, remata ao inicio da letra “b”, da que só aparecen tres palabras, “porque tengo para mí que no lo hago bien”. A continuación presenta unha lista cos nomes vernáculos dos “Vegetables de Galicia”, indicando a miúdo a localidade dos termos; aparece de novo ordenada alfabeticamente e abrangue todo o abecedario; constitúe o máis interesante da obra. Continúa cunhas adicións ou “Refractacións” e remata cunha serie de coplas populares e refráns que constitúen os “Documentos justificativos de la Nomenclatura Botánico-Gallega”.

Os nomes populares das plantas foron recollidos por Sobreira nas súas viaxes por Galicia ou facilitadas polos paisanos no mosteiro de Ribas de Sil:

Tengo tienda abierta para cuantos me concurren con yerbas y plantas traídas de los abismos, que tales son las honduras de nuestros dos ríos Sil y Miño. De sus riberas me traen todos los días plantas, anónimas para ellos y para mí muy fatigosas, porque no poseo la ciencia Botánica y para estampar cada planta tengo un trabajo inmenso, que es mayor con la desconfianza grande que tengo de si entiendo bien al Linneo”

Das liñas anteriores pode entenderse que estaba a confeccionar un herbario, e non oculta a súa escasa formación botánica, que fai que as descrições das plantas sexan a todas luces insuficientes. Menos comprensible parece ser a omisión do traballo “Vocabulario de Voces Gallegas de Plantas y demás” que escribira o médico de Sanabria, Lobariñas, que disfrutaba de certa popularidade e que o autor parece ter posto a disposición de Sobreira.

Sobreira e tamén autor doutros manuscritos que fan referencia á Historia Natural, como unha “Memoria sobre la pesca de la sardina en las costas de Galicia”, onde trata o tema deste peixe e dedica varias notas explicativas dos nomes galegos das algas mariñas; ou uns apuntes cos nomes de peixes que constitúen as “Papeletas de nombre de peces”.



Unha reflexión final

Para valorar o labor de Sobreira cómpre fuxir de dous prexuízos históricos. Por unha banda, a súa contribución estivo sobrevalorada polos rexionalistas do século XIX, que mitificaron a súa personalidade para dar prestixio á cultura galega. Por outra, os estudos posteriores relegaron a Sobreira a un segundo plano, totalmente velado pola personalidade de Martín Sarmiento: este deixou unha monumental obra manuscrita, que creceu a medida que se profundou no seu estudo; aquel ideou prometedores proxectos que apenas ficaron reducidos a fichas e esbozos. Dende esta perspectiva, Sobreira semellaría un epígono menor de Sarmiento, en quen sen dúbida se apoia. Así e todo, non se pode negar o interese lingüístico da súa obra: o “Ensayo”, sobre todo a parte de “Vegetables”, ten un valor para a lexicografía botánica galega excepcional.

5. FREI BENITO XERÓNIMO FEIJÓO




Benito Xerónimo Feijoo y Montenegro naceu no lugar de Casademiro, en Pereiro de Aguiar (Ourense), en 1676. Era o primoxénito dunha familia da alta fidalguía galega, mais renuncia aos seus dereitos como morgado para ingresar na orde beneditina e dedicar a súa vida ao estudo. Estudou nun primeiro momento en Ribas de Sil e despois continuou a súa formación en Samos. En 1692 é ordenado freire, e despois estivo en varios mosteiros como o de Poio. A partir de 1709 viviu en Oviedo e traballou na universidade desta cidade, sendo catedrático de teoloxía. Alí permaneceu ata a súa morte en 1764, primeiro ligado á universidade e despois, xa retirado, participando activamente nos movementos intelectuais de corte ilustrado.

Feijoo é un dos precursores do movemento ilustrado en España. Dotado dunha grande formación cultural, en certa medida obtida dun xeito autodidacta, foi un librepensador

dotado dunha gran capacidade crítica. Ao longo da súa vida, e sempre desde a óptica ilustrada, abordou moitos temas que van máis alá do pensamento relixioso e da súa condición de clérigo. Nos seus ensaios recollidos baixo o título de *Teatro Crítico Universal* elabora unha longa serie de disertacións sobre as máis diversas materias: medicina, matemáticas, física, astronomía, xeografía, historia, filosofía, teoloxía, moral, literatura e lingüística.

Foi pioneiro na defensa das mulleres. Fixo unha acendida defensa delas nun ensaio, o que lle carrexou numerosos enfrontamentos cos seus coetáneos, que non comprendían esta actitude. O Pai Feijóo asegurou :



En grave empeño póño-me. Non é xa só un vulgo ignorante con quen entro na contenda: defender a todas as mulleres, vén ser o mesmo que ofender a case todos os homes: pois raro hai que non se interese na precedencia do seu sexo con desestimación do outro.

Feijoo criticou as crenzas supersticiosas do pobo galego, denunciou o atraso científico, sobre todo no mundo universitario ao que pertenceu, evidenciou o atraso técnico no que vivía o campo galego e denunciou a ociosidade dalgúns sectores sociais do Antigo Réxime, rexeitando aqueles comportamentos en ían en contra do progreso e da ciencia. Unha das súas frases máis coñecidas insiste antepoñer a razón á superstición:

Evidentemente non foi a lingua a súa teima principal, máis temos que destacar aquí

"Eu, cidadán libre da República das Letras, nin escravo de Aristóteles nin aliado dos seus inimigos, escoitarei sempre con preferencia a toda autoridade privada o que me ditaren a experiencia e a razón".

que Frei Benito Feijoo foi unha luz nese ermo que conforma a Idade Moderna. Dentro da súa escolma de temas e tratados, temos algúns textos nos que valorizou a lingua da súa terra. Aínda que expresado en castelán, o seu espírito crítico levouno a denunciar o menosprezo cara ao galego, situando o noso idioma a altura do castelán e do portugués, en orixe e importancia.

«En fin, en honra da nosa patria diremos que se o idioma de Galicia e Portugal non se formou promiscuamente a un tempo nos dous reinos, senón que do un pasou a outro, débese discorrer que de Galicia se comunicou a Portugal, non de Portugal a Galicia. A razón é porque durante a unión dos dous reinos baixo o goberno suevo, Galicia era a nación dominante, dado que tiñan nela o seu asento e Corte aqueles reis.»

6. ANTONIO RAIMUNDO IBÁÑEZ, MARQUÉS DE SARGADELOS



Este prominente ilustrado naceu en Oscos, Asturias, no ano 1749, no seo dunha pequena familia fidalga. Desde que era novo amosouse como un emprendedor e un precursor, tratando de introducir no reino español as novidades producidas noutros países máis avanzados. O seu pai era notario, e con el debeuse formar, pasando despois a traballar en Ribadeo como administrador dunha casa comercial. Non tardaría moito en facerse coas rendas do negocio. Converteuse nun comerciante de éxito, medrando en pouco tempo a súa situación social e económica. Comerciou nestes anos con aceite, con liño, con viño e augardente e con ferro, introducindo e dándolle saída a estes produtos desde Galicia e Asturias. Vemos pois, como na segunda metade do XVIII xa era posible, en certos casos, mudar a condición familiar grazas as oportunidades de negocios que se abrían para os emprendedores. Non se conforma Antonio Raimundo Ibáñez co seu éxito comerciante e faise el mesmo armador, fundando a *Real Compañía Marítima*, e comezando a comerciar coas Indias e tamén con lugares daquela tan exóticos como Rusia, Suecia ou Terranova. Nesta altura asóciase co Compostelán José de Andrés García, que lle financiará nos seus ambiciosos proxectos de negocios.



A partir do ano 1791 comeza a erguer o complexo de Sargadelos, hoxe en día coñecido pola súa cerámica. Nun primeiro momento xurde como unha potente siderurxia, a



altura das que comezaban a proliferar en Europa ao calor do proceso da industrialización. Contaba para a empresa co apoio do Primeiro Ministro Godoy desde Madrid, que lle aseguraba contratos para adquirir municións para a Armada Española. En 1794 comeza a funcionar o complexo, no que se fabrican, ademais de balas de canón, todo tipo de obxectos pesados de ferro, elementos de uso cotiá e ferramentas. A fábrica non tardou moito en entrar en decadencia debido ao difícil abastecemento de carbón e a competencia sufrida desde outras instalacións. Ademais o marqués de Sargadelos atopouse co rexeitamento de boa parte da poboación autóctona, debido á deforestación que a súa fábrica provocaba na comarca. Consecuencia disto, no ano 1798 sufriu unha revolta que causou graves danos na siderurxia, que co tempo tivo que pechar.

No ano 1806 Antonio Raimundo Ibáñez crea a fábrica de louza que lle deu sona, nas mesmas instalacións da siderurxia, repoñéndose así do fracaso anterior. Apenas podería ver o éxito da súa iniciativa, xa que morrería en 1808. As circunstancias do seu pasamento non ficaron moi claras. En 1808 coa Guerra da Independencia xa en marcha, forma parte das xuntas de defensa de Ribadeo. Cando estas capitulan ante os franceses, o marqués de



Sargadelos é acusado de traidor e afrancesado polos do seu bando, que rematarían por asasinalo.

O seu fillo José Ibáñez tomaría as rendas dos negocios familiares e, especialmente da fábrica de louza, que funcionaría durante catro etapas ata o ano 1879, chegando a ser unha referencia na península ibérica e un centro de exportación moi importante. A cerámica de Sargadelos, ademais do seu gran volume de produción industrial, acadou un resultado estético máis que notable, estando representada a través das súas máis senlleiras pezas en moitos dos museo galegos.

Raimundo Ibáñez foi un home dunha ampla cultura e erudición, a pesar de non poder cursar estudos universitarios. Paradigma do ilustrado emprendedor, foi quen de se converter no introdutor do modelo capitalista moderno naquela España que aínda conservaba usos e costumes propios do Antigo Réxime. Ibáñez aínda tivo tempo en vida de traer ao mundo a nove fillos, que deron continuidade á súa tarefa emprendedora. Cando morreu estaba a se tramitar o título de Marqués de Sargadelos para a súa persoa, título co que pasou á historia aínda que nunca gozara del en vida:

«La población es la que constituye la riqueza y la fuerza de los Estados. No puede sostener el progresar sino por medio de la industria, fábricas, comercio y navegación, cuyos ramos son el poderoso agente de la industria, que es la primera, la más esencial e indispensable de las artes.»

7. DOMINGO FONTÁN



Xa no século XIX temos que destacar a un dos máis importantes xeógrafos daquela época, que naceu e traballou na Coruña. Fontán é un dos principais representantes da ilustración galega pola súa grande formación e calidade como científico, sendo recoñecido como o primeiro autor do estado dunha cartografía moderna. É liberal, pois ese foi o seu compromiso ideolóxico e como liberal exerceu de secretario da Deputación Provincial de Galicia durante o trienio liberal (1820-1823) e como deputado nas cortes a partir do ano 1836. Por último, é un dos primeiros galeguistas polo seu compromiso coa terra tanto na súa labor de político como de xeógrafo, prestando un servizo de vital importancia para o desenvolvemento do país.

O 17 de abril de 1788, hai 230 anos, comezou a vida dun home que lle puxo cara a Galicia. Antes de que agromaran as primeiras voces do Rexurdimento, a figura de Domingo Fontán foi, sen dúbida, un alicerce importante sobre o que se reconstruíu a identidade do país. Trascendeu a ciencia, tal e como amosa o respecto reverencial que lle renderon tempo despois Otero Pedrayo, Castelao ou Cunqueiro. A súa obra magna, á que consagrou gran parte da súa vida, foi a *Carta Xeométrica*, o primeiro mapa

científico do país, e que puxo á Galicia na vangarda da cartografía. Nalgúns lugares, ata que chegou a fotografía por satélite, nada nin ninguén puido superar durante 100 anos o que conseguiu facer Fontán.

Fontán naceu na aldea de Porta do Conde, no que hoxe é o concello de Portas, nas terras de Caldas. Foi o segundo de cinco irmáns, dous homes e tres mulleres. O primoxénito, Andrés, estivo moi unido a moitos dos feitos relevantes da vida de Domingo. Xuntos comezaron a estudar en Noia co seu tío materno Sebastián, crego nesta vila, desde unha idade moi temperá. Antes, Domingo xa comezara a súa formación na parroquia de Santo André de Baliñas, no concello de Barro.



Casa natal de Fontán

Con só 12 anos comezou a estudar Filosofía na Universidade de Santiago



A vila de Noia marcou de xeito decisivo a traxectoria de Fontán e a súa familia. Aquí, xunto ao tío Sebastián, na época na que o futuro xeógrafo comezou a amosar as súas aptitudes para o estudo, vivían uns relixiosos franceses que fuxiran do seu país despois da Revolución de 1789. Con eles aprendeu a que era a lingua científica de referencia naquel momento, e tamén tomou nocións de inglés. De moito lle serviría esta aprendizaxe anos despois, no transcurso da Guerra de Independencia, e no desenvolvemento da *Carta Xeométrica*.

Debeu demostrar boas calidades porque con só 12 anos, en 1800, o neno Domingo matricúlase en Filosofía na Universidade de Santiago de Compostela. Como adoitaba acontecer naquel tempo, os plans de estudos abranguían moitas e diversas ramas do saber. Así, nas aulas da institución compostelá estudou tamén *Teoloxía, a lingua hebrea, as Sagradas Escrituras, Institucións Canónicas, Artes, Retórica, Lóxica ou e Ciencias Exactas, como a aritmética, a álgebra, a xeometría e a física experimental*.

Obtén cos 14 anos cumpridos, en maio de 1802, o grao de Bacharel, primeiro de moitos títulos académicos. Nese tempo, Fontán tivo como mestre a outro dos científicos máis salientables que deu Galicia: Xosé Rodríguez, o “*matemático de Bermés*”, que de seguro alimentou a vocación de Domingo nas súas aulas. E precisamente foi Fontán o que, debido aos compromisos internacionais de Rodríguez, o substituíu en 1814 na cátedra de Matemáticas Sublimes, que acabaría asumindo en 1818 e ata 1835. Xa en 1811 comezara a exercer como substituto na cátedra de Retórica e Belas Artes, e en 1813 na de Lóxica e Metafísica.



Xosé Rodríguez.
O matemático
de Bermés

E como Rodríguez, Fontán tamén se viu afectado pola represión do absolutismo ao finalizar a Guerra de Independencia. Foi denunciado por liberal, e aínda que acabaría sendo absolto, esta circunstancia acarreoulle atrancos posteriores na súa carreira.

O nacemento da Carta Xeométrica

Nestes anos xa andaba na cabeza de Fontán o proxecto de dotar a Galicia dun mapa científico de seu. Sen dúbida, o seu mestre Rodríguez animou a Fontán nesta empresa. En 1808, o matemático de Bermés recibira o encargo da Junta Central Suprema de España para comezar a desenvolver un mapa exacto do país.



Teodolito de Fontán


E o discípulo botou a andar. Un dos primeiros pasos deuno en 1816 no Pazo de Sobrecarreira, en Sigrás (Cambre), propiedade do seu amigo Antonio Loriga. Así o confirman as pranchetas que conserva a Fundación Domingo Fontán. No pombal do pazo, o matemático anotou coa axuda do teodolito as distancias e os ángulos dos puntos xeográficos de referencia. A Carta Xeométrica xa se estaba xestando.

Un ano despois, o gran proxecto comeza a tomar forma. Un dos símbolos do país, a Berenguela da Catedral de Santiago, serviu como punto de partida. Como mostra do seu rigor, Fontán realizou preto de 150 observacións astronómicas para marcar a ubicación exacta da Berenguela, e comezar a trazar desde alí o mapa.



Nos anos seguintes, a vida de Fontán entregouse á Carta. Sobre todo no trienio liberal, entre 1820 e 1823, a actividade do matemático foi frenética. Neste último

ano, a parte occidental do mapa estaba xa case rematada. Abordou despois os traballos da parte oriental, que desenvolveu a partir da base do Corgo, preto de Lugo. En 1833, nas montañas entre Lugo e Asturias, Fontán realizou as últimas medicións.



Cartela do mapa de Fontán

En decembro de 1834, o matemático presentou o seu traballo ante a rexente María Cristina, que acordou financiar o gravado da Carta. A mesma rexente, como recoñecemento á valía de Fontán, nomeouno o ano seguinte, en febreiro de 1835, como director do Observatorio Astronómico de Madrid, o que impulsou a nova etapa na vida do xeógrafo, máis centrada na capital de España.

O gravado da Carta sufriu, con todo, diversos atrancos que o demoraron ata 1845. Mais Fontán non perdeu o tempo, e dedicou ese tempo a perfeccionar o mapa. Foron constantes as correccións nas medicións e a incorporación de novos lugares ao rostro de Galicia.

Así comeza Fontán as súas notas sobre a Descrición xeométrica de Galicia. Neste texto podemos albiscar a vontade científica que impregna todo o seu traballo. El non quere

«Levantar la carta geográfica de un reino es emprender una obra original en su clase, y en nada parecida a los mapas que diariamente se publican. No se recurre para ello a datos ajenos cuya exactitud no esté comprobada; es forzoso adquirirlos sobre el terreno, trasladándose a el para dibujarle (...)»

datos que a ciencia non corrobore. Estamos ante un Domingo Fontán, paradigma do científico ilustrado, traballando sobre o terreo:

O propio don Domingo recoñecía o grande esforzo feito para a realización deste mapa. Acerca da triangulación da provincia de Ourense, labor que fixo el só, dicía:

Este mapa non ten parangón con ningún que se fixo ata a aparición da cartografía por satélite. O seu nivel de detalle é extraordinario, recollendo todos os accidentes xeográficos, as curvas do relevo e máis de 4000 parroquias, por exemplo.

«La más ímproba de un trabajo en el que hemos empleado dieciseis años de una vida... Basta con decir que nuestras estaciones exceden de dos mil»

Moito máis ca un mapa

O xeógrafo investiu gran parte dos seus días na Carta, máis a súa vida deu para moito máis. Foi tamén profesor, político, funcionario e empresario. Os testemuños de quen o coñeceu falan dun home entregado á terra e á mellora da vida dos cidadáns do país, de carácter firme e comprometido, que falaba con feitos. As diversas facetas de Fontán entrecruzáronse de forma continua, e a súa figura contribuíu, en diversos sentidos, a facer avanzar a Galicia.

Durante a súa etapa como parlamentario, defendeu de xeito reiterado unha premisa: para gobernar mellor un país, era preciso coñecelo, percorrelo, saber como e por onde se movían as súas xentes. **E foi moi crítico coa visión afastada que desde Madrid se tiña de Galicia.**



Escena do Congreso dos Deputados. S XIX

Alén da súa actividade docente, centrada na primeira parte da súa vida, Fontán accedeu por primeira vez a un cargo político en 1817, cando foi nomeado como membro da *Xunta de Reparticións de Tributos* en representación do Salnés. E foi secretario nas Deputacións de Galicia, primeiro, e na da Coruña, despois. O regreso de Fernando VII e o absolutismo apartouno desta actividade, aínda que regresaría en 1826, cando lle foi encargada a división xudicial e municipal de Galicia. E en 1829 encomendáronlle o trazado das futuras estradas que vertebrarían Galicia. Aquí, a *Carta Xeométrica* foi tamén esencial.

Esta primeira parte, máis achegada ao que hoxe se pode assimilar coa actividade funcional, deu paso, a partir da década de 1830, ao parlamentarismo. Vinculado ao Partido Moderado, Fontán levou ao Congreso o seu coñecemento do país, alén da continua formación, que nunca deixou de lado. Así, sendo xa catedrático, estudou Dereito na Universidade de Santiago, o que lle axudaría no seu labor político.



Era unha etapa convulsa, coma decote, na política española: a morte de Fernando VII deu paso ás rexencias de María Cristina e Espartero e, finalmente, o reinado de Isabel II. Como deputado, Domingo viviu as tres etapas representando, nas diferentes lexislaturas, ás provincias da Coruña, Pontevedra e Lugo. A actividade do deputado Fontán quedou rexistrada nas actas das sesións do Parlamento, que dan conta do seu estilo directo, sen ambaxes á hora de denunciar e criticar a inacción do Estado en Galicia.

O Domingo Fontán emprendedor


Despois de case 10 anos centrado na actividade parlamentaria en Madrid, Fontán renuncia por última vez ao seu asento en 1843 e establécese definitivamente en Santiago de Compostela. Comeza entón unha etapa máis centrada na actividade empresarial. Na súa casa da Rúa do Vilar, o xa ilustre xeógrafo monta un comercio de teas, licores, e cacao en gran, entre outros produtos. Tamén posúe un almacén onde gardaba roupa vella e trapos que utilizaba como materia prima para a fabricación de papel na factoría familiar do Castro, en Lousame.

O pai dos irmáns Fontán, Rosendo, foi no seu tempo accionista da fábrica, e os títulos pasarían despois ao seu cuñado crego, Sebastián. Ao morrer sen descendencia o seu tío, Andrés e Domingo fixéronse accionistas maioritarios da instalación, xa que foran adquirindo as participacións aos demais propietarios.



Restos da fabrica de papel de Lousame

Outro dos proxectos empresariais de Fontán tivo bastante que ver coa súa Carta Xeométrica. Como xa se contou, o mapa científico foi clave no deseño da rede de estradas e camiños de ferro do país. Entre eles estivo a primeira liña de tren de Galicia, entre Cornes (Santiago) e Carril (Vilagarcía), inaugurada en 1873. Desde a década de 1860, o matemático impulsou o proxecto a través da vicepresidencia da Xunta Mixta, unha entidade encargada do estudo e o deseño do trazado da liña ferroviaria, e acabou obtendo a concesión do ferrocarril por parte da raíña.



Inauguración da liña Cornes-Carril

Nos seus últimos anos, asentado na rúa do Vilar en Compostela, o polifacético Fontán mantivo a súa intensa actividade. Aínda que solicitara a xubilación do emprego de catedrático en 1851, continuou traballando para a fábrica do Castro e no proxecto do ferrocarril. Tamén xogou un papel importante na exposición compostelana de 1858, onde se expuso a Carta Xeométrica, e na Real Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago, na que exerceu varios cargos.

O 24 de outubro de 1866, Domingo Fontán Rodríguez morreu no balneario de Cuntis por mor dunha cistite, aos 78 anos, moi preto de onde nacera. Foi soterrado no cemiterio xeral de Santiago, e as súas cinzas permaneceron nunha urna do concello desde que a familia as cedeu, en 1913, para depositalas no Panteón de Galegos Ilustres. Con todo, houbo que agardar ata o 30 de decembro de 1988 para que o home que debuxou o rostro de Galicia descansase, por fin, xunto a Rosalía, Castelao, Brañas, Cabanillas e Asorey.



Tumba de Domingo Fontán.
Panteón de Galegos Ilustres